

# A historia dun valente

Pablo Sirvent Ubeiras

Corría o ano 1946 en Ourense na posguerra, Xoán tiña 16 anos e xa vivira a morte do seu pai, fusilado polas tropas franquistas cando el tiña 11 anos, polo que a súa nai tivera que coidar del e mais dos seus irmáns pequenos.

Xoán foi á cociña por comida, pero cando chegou, estaba a nai, pero tamén outras persoas que asemellaban soldados. –Que facedes aquí? Isto ten que ser un erro –berrou

Xoán ao decatarse de que os soldados estaban arrestando a súa nai. –Por que o facedes?

Ela non fixo nada! –suplicaba o neno. Pero a nai, que xa sabía por que a detiñan, intentou calmalo. –Xoán, xa cho explicarei todo, coida dos teus irmáns e vai á casa do tío Carlos, el contarache todo – aclarou a súa nai entre berros e choros. Os gardas pecharon a porta da casa e fíxose un longo silencio. Como sobrevivirían sen Ánxela, como lles daría esa noticia aos seus irmáns?

Logo de reflexionar, foi á habitación dos nenos. –Saúl, Nico, teño que contarvos unha cousa –dixo a piques de romper a chorar. –Os gardas levaron a mamá, iremos á casa do tío Carlos, el coidará de nós. Os nenos comezaron a chorar pero Xoán aguantou as bágoas. Ao día seguinte, seguían sen noticias de Ánxela, polo que xa fixeran as maletas como puideran para ir á casa do seu tío, que estaba a dúas horas andando. Saúl, o máis pequeno, tiña cinco anos. Como para el non era doado camiñar tanto tempo, foron facendo descansos cada trinta minutos ata que chegaron á casa de Carlos, que lles abriu a porta case ao instante porque os vira desde a fiestra. O tío recibíunos cunha forte aperta e cunha cunca de chocolate quente a cada un. Como xa sabía o que lles pasara, tratou de ser o máis amable posible. –Escoitádeme ben nenos, a vosa nai non fixo nada malo para que a arresten, pero xa sabedes que nestes momentos nada é xusto –falaba Carlos. –Ánxela pertencía en segredo aos maquis, un grupo en contra de Franco, pero alguén decidiu traizoar a maioría dos membros, incluída a túa nai. Entón os soldados foron por eles co único obxectivo de... –pasou as mans pola cara mentres comezaba a falar de novo– executalos.

Só se escoitaban os choros dos irmáns e os berros de Xoán, este saíu do salón para estar a soas.

Despois dun longo silencio... –Onde se establecen os maquis? Quero falar con eles – soltou Xoán. Fareime membro do seu grupo e vingarei a mamá –continuou. Carlos non tardou en contestar. – Non digas esas cousas, por moito que custe asimilalo, xa non podemos facer nada, e unirse aos maquis só empeoraría as cousas –contrarrestou Carlos entre bágoas.

Á mañá seguinte Xoán xa non estaba, despediuse dos seus irmáns á medianoite e foi en busca dos maquis. Investigou sobre estes e atopou unha montaña nos Ancares onde se asentaba un campamento.

–Ola, busco os maquis –arriscouse Xoán con medo a que fose un campamento franquista. –Aquí os tes. Quen es ti neno? Un espía? –sospeitou o xefe. –Non, non, só quería atoparvos e unirme a vós, a miña nai formaba parte da vosa organización e arrestárona hai dous días por culpa dun traidor, busco vinganza –aclarou. –Moi ben, pasa –cedeu o xeneral.

-E quen dis que era a túa nai? -preguntou o xefe. -Chamábase Ánxela -contestou Xoán. -Non coñezo ningunha Ánxela. Se o que contas é verdade, estaría noutro asentamento, pero créote, non tes pinta de embusteiro. O líder levouno a unha tenda de campaña. -Aquí durmirás, onte marchou un membro e quedou esta tenda libre -comentoulle a Xoán. O neno xa estaba máis seguro pensando que chegara onde quería, deitouse ao instante na cama. -Descansa un pouco, mañá ensínoche todo -díxolle con xenerosidade o líder. Xoán non tardou en desconectar e pensar nos seus irmáns e no tío Carlos. Coidaría ben de eles?

Ao día seguinte, falaban Saúl e Nico no seu cuarto. -Cres que volverá? -preguntoulle o pequeno a Nico. Este, que ten dez anos, respondeu con madurez -Non sei, pero espero que estea ben e nos volvamos a ver algún día. Mentres, Xoán espertaba.

Escoitábanse os potentes ruídos do que semellaban bombas, todo o ceo estaba en chamas. Saíu correndo da cama e foi buscar os demais. -Que ocorre? -preguntou asustado Xoán. -Están atacándonos, parece que atraes os problemas neno -contestou a voz grave do xeneral. Temos que evacuar o campamento.

Xoán, entre os moitos homes vestidos de marrón e as poucas mulleres que se podían contar cos dedos das mans, escoitou polas costas o que parecía o seu nome. -Xoán! Xoán! Es ti? -berraba un home desde lonxe ao neno, a voz soáballe familiar. Mirou cara a atrás e comezou a chorar desconcertado. -Papá? Papá! Como é posible, non pode ser -alcanzou a dicir. -Fillo, teño moitas cousas que contarche -tan sorprendido como Xoán, déronse a maior das apertas e quedaron calados uns instantes. -Como fixeches? Como sobreviviches? -preguntou o neno. -Tiña un amigo no exército e el axudoume a saír daquel lugar, refuxieime aquí e levo xa cinco anos vivindo con toda esta xente -aclarou. -Mamá tamén formaba parte dos maquis, por iso estou aquí. A mamá levárona os soldados... -custoulle dicir a Xoán entre bágoas. Eu só quería vingala e loitar como o que máis para conseguir un mundo mellor, sen guerras, sen asasinatos, sen soldados polas rúas... -continuou.

-Pois xuntos conseguíremolo fillo, non nos renderemos, a que non? -intentou animalo.

-Non -contestou cun sorriso tímido.

Foron a outro campamento mentres vían arder o anterior. Xoán e mais o seu pai marcharon felices e loitaron por conseguir o que ansiaban, un mundo mellor.